

## **NOTAS DE IDENTIDADE DO I.E.S. MENDIÑO**

Antes de realizar a proposta de notas de identidade do Instituto, semella conveniente realizar algunhas aclaracións ao respecto.

Primeiro: ao ser un centro público, as disposicións legais determinan certas características comúns a todos os centros públicos de Galicia.

Segundo: ao enumerar e definir as notas de identidade, o centro manifesta a súa posición diante de cuestións de importancia educativa sobre as que será necesario manifestarse.

Tendo en conta o anterior, propónse reflexionar e debater sobre as seguintes notas de identidade:

### **1. ACONFESIONALIDADE.**

Tendo en conta que na Constitución o Estado español se define como aconfesional, en coherencia co marco constitucional, o IES Mendiño declárase centro aconfesional, mantendo o respecto por todas as relixións, tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá manifestar a súa opinión persoal se o alumnado lle solicitara especificamente. Isto quere dicir, que centro como tal non adoptará posicións relixiosas oficiais, senón de total respecto ás crenzas de cada persoa.

### **2. LINGUA DE APRENDIZAXE**

Partindo dos preceptos legais que regulan o uso das linguas no ensino, e tendo como referencia o Proxecto Lingüístico do centro, as características sociolóxicas do alumnado do centro, a cualificación e motivación do profesorado, os postulados da sociolingüística, xunto a outros elementos, cremos que se debe tomar unha definición singular na liña dunha maior galeguización do ensino no Instituto.

### **3. A LIÑA METODOLÓXICA**

Non é fácil definir unha liña metodolóxica unitaria do centro sen fisuras nin desviacións. Na práctica, cada profesor, cada profesora achega o seu estilo docente, fundamentado nun conxunto de principios pedagóxicos que a súa formación e experiencia foron sedimentando e validando.

No centro sería desexable que se establecese un diálogo entre os enfoques baseados nun estilo docente de clase expositiva, agrupamentos de alumnado uniformes, traballo individual e libro de texto como case a única fonte de consulta, e aqueles outros que preconizan a construción das aprendizaxes por parte do alumnado co profesorado como guía e mediador, a través da actividade do alumno ou alumna e o principio de socialización.

Establecer unha liña metodolóxica, ao igual que as outras notas de identidade, non debe ser unha cuestión de maiorías.

Máis que establecer unha liña metodolóxica estrita (poucas veces alcanzable) que ofrece poucas marxes de manobra, propónse buscar un equilibrio e a complementariedade de métodos diversos. En concreto, propónse buscar puntos de encontro sobre: a observación directa, a

actividade, as aprendizaxes significativas, a alternancia entre a individualización e a socialización, a construción e a funcionalidade das aprendizaxes, etc.

#### **4. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS.**

Ao definir esta nota, o centro manifesta cales son as actitudes, valores e normas coas que se identifica e que preconiza.

Admitindo a discrepancia, debería existir un bloque amplo de actitudes, valores e normas común e compartido por todo o profesorado.

Entre os que deben perseguir os centros, algúns deles establecidos na lexislación vixente, debería contarse o de aceptar a pluralidade dos valores democráticos. Neste caso, a LODE, no artigo 2 apartado b), determina os fins que deben perseguir os centros non universitarios: “A formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia”.

É necesario nesta nota concreción sobre:

- Respecto ao pluralismo.
- A vontade de non adoctrinamento.
- O rexeitamento de todo tipo de dogmatismo.
- O compromiso co conxunto de valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos.

....

#### **5. A IGUALDADE**

Tamén será conveniente aclarar se o centro se identifica cun traballo orientado aos valores da igualdade na coeducación ou se unicamente se limita a continuar coa ensinanza mixta sen levar á práctica medidas de acción positiva.

Coeducación supón, entre outros compromisos, orientar a actividade cara unha educación para a igualdade, sen discriminación por razóns de sexo e superadora de mitos e tabúes. Determinará unha metodoloxía didáctica que trate de evitar condutas que poñan a énfase nos roles tradicionais atribuídos ao home e a muller e que procure proporcionar ao alumnado imaxes diversificadas e non convencionais dun e doutro sexo.

Neste sentido, a coeducación significa decantarse por opcións determinadas, por exemplo, pola elección de libros de texto e de lecturas complementarias que se distingan polo seu respecto á igualdade entre mulleres e homes; polo establecemento dun Plan de medidas de acción positiva enfocado a conseguir a igualdade real alén da igualdade formal recoñecida na Constitución e nas leis vixentes.

## **6. MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL**

A definición desta nota de identidade debería facer posible que se derivasen obxectivos dirixidos a fomentar os procesos participativos de información, consulta e toma de decisións, favorecer o traballo asociativo das familias, profesorado, alumnado e procurar a relación entre estes estamentos, mellorar as relacións do centro coa Administración local e educativa, entidades organizacións, ONGs, etc..

Redondela, febreiro de 2014

Asinado: Milagros Fernández Collazo